

CARA B

ANGGUN- "Snow on the sahara"

O ARTISTA:

Anggun é o nome dun artista de orixe indonesio afincada en Francia que tivo moito éxito internacional interpretando o tema que hoxe nos ocupa.

Snow on the Sahara foi o primeiro single dun disco que lle compuxo Erick Benzi en 1998. No título pide un imposible...pero ás veces o imposible é o que se ofrece para conseguir algo.

Seleccionamos este tema pola orixinalidade dunha voz moi melodiosa e un ritmo do máis exótico que dá como resultado unha canción do máis orixinal.

Como curiosidade apuntar que esta cantante representou a Francia no festival de Eurovisión en 2012 co tema Echo (you and I).

Agora deixádevos envolver por este tema, polos movementos das mans e do corpo de Anggun, a ver se tedes a sorte de ser transportados a outra terra, a outro lugar alén do mar...



A CANCIÓN:

Only tell me that you still want me here
when you wander off out there
to those hills of dust and hard winds that blow
in that dry white ocean alone lost out in the desert
you are lost out in the desert
but to stand with you in a ring of fire
i'll forget the days gone by
i'll protect your body and guard your soul
from mirages in your sight lost out in the desert
If your hopes scatter like the dust across your track
i'll be the moon that shines on your path
the sun may blind our eyes, i'll pray the skies above
for snow to fall on the sahara
if that's the only place where you can leave your doubts
i'll hold you up and be your way out
and if we burn away,
i'll pray the skies above for snow to fall on the sahara
Just a wish and i will cover your shoulders
with veils of silk and gold
when the shadows come and darken your heart
leaving you with regrets so cold lost out in the desert
If your hopes scatter like the dust across your track
i'll be the moon that shines on your path
the sun may blind our eyes, i'll pray the skies above
for snow to fall on the sahara
if that's the only place where you can leave your doubts
i'll hold you up and be your way out
and if we burn away,
i'll pray the skies above for snow to fall on the sahara

Só díme que aínda me queres aquí
scando esteas a vagar por aí
cara os outeiros de pó onde sopra forte o vento
Nese océano branco e seco, só, perdido no deserto
Estás perdido no deserto
Pero para estar contigo nun anel de lume
Esquecerei os días que xa pasaron
Protexerei o teu corpo e defenderei a túa alma
Dos espellismos que poidas contemplar perdido no deserto
Se as túas esperanzas se perden como pó no teu camiño
Serei a lúa que ilumina a túa senda
Pode que o sol cegue os teus ollos, entón eu pedirei aos ceos
que a neve caia no mesmo Sahara
Se ese é o único lugar onde podes despejar as túas dúbidas
Apoiareite e axudareiche a atopar a saída
E se ardemos
Pedirei aos ceos que a neve caia no mesmo Sahara
Só tes que desexalo e cubrirei os teus ombros
Con veos de seda e ouro
Cando as sombras cheguen e cubran de escuridade o teu corazón
Deixándote cun pesar tan frío perdido no deserto
Se as túas esperanzas se perden como pó no teu camiño
Serei a lúa que ilumina a túa senda
Pode que o sol cegue os teus ollos, entón eu pedirei aos ceos
Que a neve caia no mesmo Sahara
Se ese é o único lugar onde podes despejar as túas dúbidas
Apoiareite e axudareiche a atopar a saída
E se ardemos
Pedirei aos ceos que a neve caid no mesmo Sahara

Bótalle unha ollada en...

<http://www.youtube.com/watch?v=cNSUCaPya9k>